



Concello de Outeiro de Rei

REGULAMENTO ESPECIAL DE HONORES E DISTINCIÓNS

CAPITULO I

Obxeto do regulamento

Artigo 1º.- O presente regulamento ten por obxeto a regulación dos distintivos e nomeamentos honoríficos encamiñados a premiar os especiais merecementos, cualidades e circunstancias singulares que concorran nosgalardonados, sexan estas persoas físicas ou xurídicas.

Artigo 2º.- Tódolas distincións as que fai referencia este regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, se que, polo tanto, outorgen dereito algún de carácter administrativo ou económico.

Artigo 3º.- Ningún distintivo honorífico ou nomeamento poderá seroutorgado a persoas que desempeñen altos cargos na administración e respecto ós cales o Concello teña unha relación competencial directa, baixoa forma de control de legalidade ou oportunidade, e en tanto subsistan estas circunstancias.

CAPITULO II

Dos nomeamentos

Artigo 4º.-

1. O Pleno da Corporación poderá conferir os nomeamentos de:

- Fillo Predilecto.
- Fillo Adoptivo.
- Fillo Distinguido.
- Membro Honorario da Corporación.

2. Para que poida ser concedido o honor ou distinción de fillo predilecto da poboacion, será condición indispensable que a persoa interesada nacera na localidade. O de fillo adoptivo concederáse únicamente os naturais de outras vilas, e o de fillo distinguido se concederá a aqueles que, non sendo naturais deste Concello, leven toda a súa vida residindo nel.

Artigo 5º.- Cos nomeamentos premiaráanse méritos, cualidades e circunstancias singulares que concorren nos galardoados.

Artigo 6º.- Os nomeamentos dos membros honorarios da Corporación non outorgarán, en ningún caso, facultades para intervir no goberno ou administración municipal, pero o Alcalde titular poderán encomendarlles, de xeito non permanente, funcións de representación.



Concello de Outeiro de Rei

CAPÍTULO III

Outras distincións honoríficas

Artigo 7º.- O Pleno da Corporación poderá distinguir unha vía pública, complexo urbano, ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada ó Concello, recoñecendo con iso os seus especiais merecementos ou servizos extraordinarios.

CAPÍTULO IV

Do procedemento

Artigo 8º.- Os distintivos e nomeamentos outorgaríanse despois dun expediente que se iniciará por decreto da Alcaldía, ben por propia iniciativa ou da Xunta de Goberno Local, a requerimento dunha terceira parte dos membros que integran a Corporación municipal, ou respondendo a petición razonada de Entidades de recoñecido prestixio.

No decreto de iniciación nomearase o Instructor e o Secretario do procedemento.

Artigo 9º.- O Instructor do expediente ordenará a práctica de cantas probas e actuacións conduzan á precisión dos méritos do candidato proposto, facendo constar as dilixencias realizadas, tanto se favorecen como se perxudican á proposta inicial.

Artigo 10º.- Finalizadas as actuacións, para as que se fixará un prazo máximo de dous meses, o Instructor formulará proposta de resolución remitindo o expediente con todo o actuado o Señor Alcalde que someterá o expediente ó Pleno da Corporación.

A aprobación do expediente deberá figurar na orde do día do Pleno convocado, sen que se poda incluírse como asunto de urxencia.

A aprobación do expediente e o conseguinte outorgamento do honor ou distinción requirirá do voto favorable das dúas terceiras partes do número de feito e, en todo caso, da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Artigo 11º.- O Concello crea un libro de Honores, Distincións e Nomeamentos onde se irán inscribindo os outorgados. Este libro custodiaráse na Secretaría da Corporación, en el figurarán os extractos

Artigo 12º.- A concesión das distincións e nomeamentos serán entregados no salón de sesións do Concello, con asistencia do Pleno da Corporación e daquelas autoridades e representacións que se estimen pertinentes, atendidas as circunstancias de cada caso.

Artigo 13º.- Previo expediente que se instruírá nos mesmos termos que para o outorgamento de honor ou distinción, a Corporación poderá revogar o acto de concesión á persoa galardoada, se ésta modifica tan profundamente a conducta anterior que os seus actos posteriores o fagan indigno de figurar entre os galardoados.



Concello de Outeiro de Rei

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor unha vez trascurra o prazo de quince días hábiles dende a publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

[Regulamento aprobado na sesión plenaria deste concello de data 25/02/2005. Publicación aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 102 de 06/05/2005].